

Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor dos gravados rupestres da Foxa Vella, Rianxo (A Coruña)

MARIO CÉSAR VILA

Os labores de limpeza, documentación e diagnose efectuados do 19 ao 30 de novembro de 2007 no xacemento da Foxa Vella (GA15072019), situado na parroquia de S^a M^a de Asados, Rianxo (A Coruña), consistiron nunha actuación superficial no contorno inmediato da rocha con gravados, procedendo á súa limpeza co fin de delimitar a superficie total da estación, a posterior realización dun estudio dos seus aspectos morfolóxicos, estilísticos e iconográficos e a elaboración dunha carta de riscos da que se deriva unha proposta de actuación das medidas de consolidación e musealización que cómpre realizar no futuro¹.

Os gravados localízanse no tramo medio dunha aba de monte na cabeceira do val de Leiro, a menos de 50 m das obras de desdobramento da Vía Rápida do Barbanza. Cunhas dimensións iniciais de 4,6 m de lonxitude en sentido E-W e 6 m en sentido N-S, concluídos os traballos de limpeza, quedou ao descuberto unha superficie de rocha de 9 m de lonxitude en sentido N-S e 7 m en sentido E-W, documentándose na súa base e laterais unha estratigrafía formada por un único nivel de terra vexetal de 10 cm de potencia, disposto directamente sobre o substrato granítico.

Como primeiro paso, realizouse a limpeza da rocha con gravados e a do seu contorno inmediato da vexetación de monte alto que cubría toda a zona, retirando así mesmo os sedimentos depositados a carón do afloramento co fin de comprobar a existencia de posibles motivos ocultos ata o intre.

Deseguido, procedeuse á análise nocturna do afloramento con luz rasante, apreciando a existencia de novos motivos e resolvendo as dúbidas existentes naqueles sectores que, polo seu nivel de erosión, resultaban máis difícułtos de observar

baixo a luz solar. Neste intre realizáronse as principais anotacións e remarcáronse os motivos para o seu posterior calco.

Un último paso consistiu no levantamento topográfico do panel mediante estación total, no que logo se incluíu o calco previamente realizado, obténdose unha reproducción tridimensional dos petróglifos que permite apreciar de xeito realista os gravados e que, posteriormente, poderá ser empregada como material audiovisual nas actividades de difusión.

Como resultado destes traballos, xunto ao repertorio de armas xa coñecido, documentáronse dous novos puñais, un dos cales presenta unha empuñadura moi característica que podería relacionalo cos gravados existentes noutras estacións da nosa comunidade como Ramallal (Campo Lameiro), un serpentiforme e novas representacións xeométricas.


A información recollida nas fases precedentes foi analizada desde o punto de vista estilístico e iconográfico. Así mesmo, procedeuse á elaboración dun estudio diagnóstico do xacemento, determinando as accións máis urxentes para frear a degradación dos gravados e o seu contorno e definindo un catálogo de medidas de consolidación e restauración do xacemento. □

NOTA

¹ Os labores de campo, así como os diversos estudos, efectuáronse en colaboración co Grupo De Estudios para A Prehistoria do Noroeste da USC, dirixido por Ramón Fábregas Valcarce e neles participou Carlos Rodríguez Rellán como responsable da documentación dos gravados. O estudio dos elementos compositivos, estilísticos e iconográficos foi realizado por Jorge Guitián Castromil e Xoán Guitián Rivera. O autor da diagnose do xacemento e as propostas de conservación é Fernando Carrera Ramírez. O levantamento topográfico é obra de Manuel A. Franco Fernández.



Vista do afloramento soporte dos gravados



Gravados da Foxa Vella